

# ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA O ACOSO MORAL (AGACAM)

## CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

**Artigo 1º.-** 1. Coa denominación de Asociación Galega Contra o Acoso Moral no Traballo (AGACAMT), constituíuse na cidade de Santiago de Compostela en setembro de 2001, unha asociación sen ánimo de lucro o amparo da Lei 191/1964, de 24 de decembro, reguladora das Asociacións.

2. O 07/05/2004 por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria das persoas socias foron modificados os estatutos da AGACAMT para axetalos a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

3. O 04/02/2016 a Asemblea Xeral Extraordinaria das persoas asociadas da AGACAMT aprobou por unanimidade os presentes Estatutos que rexerán o seu funcionamento de acordo coa lexislación vixente.

4. Apróbbase pola totalidade dos asistentes o cambio de nome da Asociación que pasará a denominarse **Asociación Galega Contra o Acoso Moral (AGACAM)**.

**Artigo 2º.-** 1. Esta Asociación constituíuse por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade das persoas asociadas expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico.

**Artigo 3º.-** Esta Asociación é una asociación sen ánimo de lucro creada para a promoción e desenvolvemento de cantas iniciativas sexan necesarias para actuar contra o acoso moral, en calquera das súas manifestacións.

**Artigo 4º.-** A Asociación perseguirá os seguintes fins principais:

- a. Promover, defender e protexer a dignidade e a integridade moral como dereitos fundamentais das persoas.
- b. Erradicar as prácticas de violencia que poidan atentar contra a dignidade e a integridade moral e, doutras situacións que deterioren e menoscaben o desenvolvemento das persoas no ámbito laboral coma as de estres, burnout, entre outras.
- c. Previr as causas que poidan menoscabar e lesionar a dignidade e a integridade moral das persoas actuando a diferentes niveis: educativo, familiar, político, laboral, empresarial, sanitario e social, entre outros.
- d. Asistir e apoiar as vítimas e demais persoas afectadas por prácticas de acoso e a súas familias.
- e. Representar e defender os intereses da Asociación e das persoas asociadas.
- f. Propoñer os cambios lexislativos necesarios para unha axeitada valoración das condutas contra a integridade moral das persoas así como das súas consecuencias.

- g. Impulsar a creación de servizos asistenciais específicos de carácter social, sanitario e xurídico para as vítimas e demais persoas afectadas por a violencia ou o acoso.
- h. Sensibilizar aos distintos estamentos públicos e privados e a sociedade en xeral sobre a importancia e a repercusión dos atentados contra a integridade moral nos distintos ámbitos (laboral, escolar, familiar, ...).

**Artigo 5º.-** A Asociación, para o cumprimento dos seus fins, poderá organizar e realizar as seguintes actividades:

- a. Presentarse e/ou persoarse en calquera procedemento, de calquera tipo, que se considere de interese para a consecución dos fins da Asociación.
- b. Prestar asesoramento e asistencia técnica as vítimas de presión laboral, acoso ou violencia e as súas familias de carácter xurídico, sanitario (médico ou psicolóxico) e social mediante profesionais expertos de referencia.
- c. Informar sobre a presión laboral, o acoso moral e as súas consecuencias de carácter individual, familiar e social a través de distintas vías e en particular, dos medios de comunicación social.
- d. Elaborar e difundir materias divulgativas e formativos dirixidos a sociedade en xeral e a sectores específicos para a promoción de entornos de traballo saudables.
- e. Promover, organizar e coordinar, no seu caso, grupos de autoaxuda e de axuda mutua entre as persoas afectadas.
- f. Organizar actividades formativas, talleres e campañas de información, prevención e sensibilización sobre a mellora do ambiente psicosocial no traballo así como, colaborar e participar nas levadas a cabo por outras entidades.
- g. Desenvolver actividades de investigación, estudos e análises dirixidos a alcanzar os fins da Asociación.
- h. Impulsar e promover a elaboración de protocolos de actuación e de políticas sociais relacionados cos fins da Asociación.
- i. Participar en xornadas, seminarios e cursos realizados por entidades públicas e privadas en materia de acoso, violencia e mellora do ambiente psicosocial no traballo.
- j. Impulsar e promover a mediación como medio adecuado de resolución de situacións de atentados e agresións a integridade moral das persoas.
- k. Promover as relacións con institucións públicas e privadas a fin de conseguir acordos de colaboración na erradicación do acoso moral.
- l. Establecer contactos e relacións, asociarse ou federarse con outros grupos autonómicos, estatais, europeos ou mundiais en contra do Acoso Moral, para promover iniciativas e realizar accións a todos os niveles.
- m. Calquera outra iniciativa de cara á consecución dos fins da Asociación.

**Artigo 6º.-** A Asociación establece o seu domicilio social na Rúa das Letras Galegas, nº 45 (CP 15702), da localidade de Santiago de Compostela. A Xunta Directiva poderá acordar o cambio de domicilio, que será comunicado ao organismo competente.

**Artigo 7º.-** A Asociación desenvolverá as súas actividades preferentemente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de amplialo libremente en consideración ás necesidades a cubrir e ás relacións de intercambio ou colaboración, autonómica, estatal ou supraestatal, que manteña con outras Entidades, que cumpran os mesmos ou similares fins.

**Artigo 8º.-** 1. A Xunta Directiva será o órgano competente para interpretar os preceptos contidos nestes Estatutos e cubrir as súas lagoas, sempre someténdose á normativa legal vixente. A Xunta Directiva desenvolverá o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.

2. Os presentes Estatutos serán cumpridos mediante os acordos válidos que adopte a Xunta Directiva e/ou a Asemblea Xeral, dentro das súas respectivas competencias.

## **CAPITULO II DAS PERSOAS ASOCIADAS**

**Artigo 9º.-** 1. A Asociación ten carácter aberto, podendo integrarse na mesma como membros de pleno dereito, previa aprobación prevista nos presentes Estatutos, cantas persoas físicas e xurídicas, con plena capacidade de obrar, o soliciten por escrito, sempre que compartan os fins de Asociación.

2.- Poderán ser integrantes da asociación na súa sección xuvenil, os menores non emancipados maiores de 14 anos co consentimento das persoas que deban suplir a súa capacidade, documentalmente acreditado.

3. O número de membros da Asociación será ilimitado.

**Artigo 10º.-** Na Asociación existen as seguintes clases de persoas asociadas:

- a. Fundadoras: Aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b. Numerarias: Aquelas persoas físicas que, reunindo as condicións descritas no Artigo 9º dos presentes Estatutos, colaboran habitualmente na consecución dos fins e na realización das actividades da Asociación.
- c. Colaboradoras: Aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que, reunindo as condicións descritas no Artigo 9º dos presentes Estatutos, colaboran no financiamento e na difusión dos fins e das actividades da Asociación.
- d. De Honra: Aquelas persoas, tanto físicas coma xurídicas, que, polo seu prestixio ou pola súa destacada na loita contra o acoso moral ou por contribuír de modo relevante á dignificación ou aos fins da Asociación, se fagan merecedoras de tal distinción.
- e. Xuvenís: Aquelas persoas menores de 18 anos que participen na asociación, que estarán integradas na sección xuvenil, no seu caso.

**Artigo 11º.-** 1. A proposta de admisión das persoas asociadas correspóndelle á Xunta Directiva da Asociación, realizarse mediante acordo, co voto favorable da metade dos seus membros, e deberá ser ratificada pola Asemblea Xeral.

2. No caso de acordo desfavorable da Xunta Directiva sobre a admisión dunha persoa asociada, será, tamén, a Asemblea Xeral a que resolva o procedente,

previo exame do informe emitido pola Xunta Directiva e das alegacións da persoa solicitante.

3. O réxime e procedemento de admisión das persoas asociadas da Asociación desenvolverase no Regulamento de Réxime Interno.

**Artigo 12º.- Dereitos das persoas asociadas:**

1. Son dereitos das persoas asociadas Numerarias da Asociación:
  - a. Asistir e participar nas Asembleas Xerais, con voz e voto, nas condicións que se determinan nos presentes Estatutos e de acordo con eles.
  - b. Ser electoras e elixibles para os cargos directivos que se establecen nestes Estatutos.
  - c. Participar nos programas e iniciativas que sexan impulsados ou coordinados pola Asociación.
  - d. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación e impugnalos mesmos cando estime que son contrarios ás Leis vixentes e aos Estatutos e Regulamentos da Asociación.
  - e. Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva para o mellor cumprimento dos fins da Asociación.
  - f. Ser oída con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra ela e ser informadas dos feitos que dean lugar as ditas medidas.
2. As persoas asociadas Colaboradoras, as de Honra, as Transitorias e as Xuvenís terán os mesmos dereitos que as Numerarias, agás no referente ao dereito de participación nas Asembleas Xerais, que será exercido con voz pero sen voto, ao dereito de impugnación e ao dereito a ser electoras e elixibles para os cargos directivos que se establecen nestes Estatutos.

**Artigo 13º.- Deberes das persoas asociadas:**

1. Son deberes das persoas asociadas Numerarias, das Colaboradoras e das Xuvenís da Asociación:
  - a. Cumprir canto se dispón nos presentes Estatutos, nos regulamentos, normativas e acordos legalmente aprobados polos órganos de goberno da Asociación dentro das súas respectivas competencias.
  - b. Actuar de maneira acorde cos fins da Asociación.
  - c. Colaborar dilixentemente nas accións acordadas pola Asociación.
  - d. Asistir ás Asembleas Xerais.
  - e. Satisfacer puntualmente as cotas na contía fixada na Asemblea Xeral.
  - f. Acatar as prescricións contidas nestes Estatutos e nos Regulamentos e os acordos validamente adoptados polas Asembleas Xerais e pola Xunta Directiva da Asociación.
  - g. Esixir aos membros, que ostenten cargos na Xunta Directiva da Asociación, o fiel cumprimento das súas funcións.
  - h. Comunicar á Asociación calquera modificación dos seus datos referidos na Ficha de persoa asociada.
  - i. Desempeñar, se é o caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.
- 2.- As persoas asociadas de Honra terán os mesmos deberes que as demais persoas asociadas, agás os correspondentes aos apartados: c), d), e), g), h) e i).

**Artigo 14º.-** Perda da condición de persoa asociada:

1. As persoas asociadas causarán baixa por algunha das causas seguintes:
  - a. Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito dirixido á Xunta Directiva da Asociación.
  - b. Por incumprimento das súas obrigas económicas durante dous prazos consecutivos dos fixados.
  - c. Por inobservancia dos acordos da Xunta Directiva ou dos Estatutos e Regulamentos da Asociación.
  - d. Por ocasionar coa súa actuación descrédito ou prexuízos á Asociación ou por realizar accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación.
  - e. Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
2. A determinación da existencia das causas dos apartados b), c) e d) será de libre apreciación da Xunta Directiva, que previo expediente disciplinario con audiencia da persoa interesada, no seu caso, propondrá a súa baixa mediante acordo razoado, que deberá ser ratificada pola Asemblea Xeral Extraordinaria.
3. En todos os casos, as persoas asociadas deberán dar resposta de todas as obrigas pendentes para coa Asociación ata a data da súa baixa efectiva, incluídas as económicas, e responderán do incumprimento desta obriga, mesmo diante de terceiros, así como dos posibles danos ou perdas que se poidan causar á Asociación en razón dese incumprimento.

- Artigo 15º.-** 1. As persoas asociadas poderán recibir as sancións ás que se fagan acreedoras por incumprimento das súas obrigacións. Non obstante, ningunha persoa asociada poderá ser sancionada ou separada da Asociación sen antes ser oída.
2. O réxime e procedemento disciplinario da Asociación desenvolverase no Regulamento de Réxime Interno.

### **CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN**

- Artigo 16º.-** 1. O Goberno e a Administración da Asociación correrán a cargo dunha Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.
2. A Asemblea Xeral elixirá aos membros da Xunta Directiva.
3. A Xunta Directiva rexerase polo estipulado no Regulamento de Réxime Interno da Asociación.

**Artigo 17º.-** A Xunta Directiva estará formada por tres membros, os cales elixirán entre eles unha/un Presidenta/e, unha/un Secretaria/o e unha/un Tesoureira/o, podendo acrecentar a súa composición ata un máximo de catro vogais.

**Artigo 18º.-** Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos. Estes serán elixidos e revogados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de catro anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

**Artigo 19º.-** 1. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función por:

- a. Falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b. Renuncia voluntaria.
- c. Transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- d. Acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por dous terzos das persoas asociadas reunidas en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

2. A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día da persoa sucesora.

3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera das persoas da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre as restantes, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por tres persoas, que exercerán as funcións de Presidenta/e, Secretaria/o e Tesoureira/o.

**Artigo 20º.-** 1. As competencias da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios dos fins da Asociación, sempre que non requiran autorización expresa da Asemblea Xeral.

2. Son competencias da Xunta Directiva:

- a. Representar á Asociación en todos os ámbitos.
- b. Executar a política da Asociación e os acordos adoptados pola súa Asemblea Xeral.
- c. Administrar o patrimonio da Asociación.
- d. Programar e coordinar as actividades da Asociación.
- e. Admitir ou rexeitar provisionalmente as solicitudes de ingreso na Asociación, elevando a súa proposta á Asemblea Xeral.
- f. Acordar a suspensión temporal dos dereitos dunha/dun Asociada/o que incorra nalgunha das causas recollidas no apartado 1 do artigo 14º destes Estatutos, e propoñer a súa baixa á Asemblea Xeral para a súa ratificación.
- g. Establecer a orde do día da Asemblea Xeral.
- h. Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzan na Xunta Directiva. En caso de renuncia dalgún membro, será facultade da Xunta Directiva designar provisoriamente novos membros, entre as/os Asociadas/os, ata que se celebren novas eleccións.
- i. Adoptar acordos que impliquen a adquisición, transmisión ou gravame do patrimonio, mobiliario ou inmobiliario, da Asociación.
- j. Levar a xestión económica e administrativa da Asociación.
- k. Cobrar as cotas que deban satisfacer as persoas asociadas, así como aceptar, recibir e xestionar as subvencións, concertos, convenios, herdanzas, legados ou doazóns ou calquera das sumas ou bens, de procedencia pública ou privada, a favor da Asociación.
- l. Autorizar a contratación ou separación do persoal necesario para o desenvolvemento das actividades da Asociación.
- m. Facultar, por medio de poderes, ás persoas que estime conveniente.

- n. Preparar cantos documentos teñan que ser aprobados pola Asemblea Xeral.
- ñ. Resolver en arbitraje ou por mediación cuestións e conflitos internos. Esta actuación poderá ser efectuada por si ou por delegación, designando unha comisión para iso que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.
- o. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- p. A interpretación dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno da Asociación,
- q. así como calquera outra que non se atope expresamente atribuída legal ou estatutariamente a outro órgano da Asociación.

**Artigo 21º.-** 1. A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine a/o súa/seu Presidenta/e, a iniciativa propia ou a petición da metade dos seus membros. Será presidida pola/o Presidenta/e e na súa ausencia pola/o Secretaria/o. A/O secretaria/o levantará acta, que se transcribirá ao libro correspondente.

2. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados por maioría simple das/os presentes, sendo necesaria a concurrencia da metade dos seus membros, para que quede validamente constituída. En caso de empate no resultado dunha votación, decidirá o voto cualificado da/o Presidenta/e.

3. Os membros da Xunta Directiva non poderán delegar o seu voto.

**Artigo 22º.-** 1. A Xunta Directiva poderá delegar en calquera dos seus membros a execución de determinados acordos ou a realización de certas xestións que sexan de interese para a Asociación. De calquera de ambas cousas dará conta en todas as sesións de Xunta Directiva que se celebren.

2. Os membros da Xunta Directiva presidirán as Comisións Delegadas que a propia Xunta acorde constituír, co fin de facultadas para a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. As Comisións Delegadas da Xunta Directiva rexeranse polo estipulado no Regulamento de Réxime Interno da Asociación.

**Artigo 23º.-** A/O Presidenta/e da Xunta Directiva serao tamén da Asociación e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar legalmente á Asociación, ante toda clase de Entidades, públicas ou privadas.
- b. Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- c. Propoñer o Plan de Acción da Asociación á Xunta Directiva e dirixir as súas tarefas.
- d. Ordenar ou efectuar pagos e autorizar coa súa sinatura as actas, os certificados, a correspondencia e outros documentos da Asociación.
- e. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou que no desenvolvemento das súas actividades resulte

necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

**Artigo 24º.-** A/O Secretaria/o terá as seguintes atribucións:

- a. Dirixir os traballos administrativos da Asociación.
- b. Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso.
- c. Levar os libros da Asociación que sexan legalmente establecidos e o ficheiro de rexistro de persoas asociadas.
- d. Redactar as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, que asinará o/a Presidente/a.
- e. Expedir certificacións e testemuños de particulares das actas aludidas, co visto e praxe da/o Presidenta/e.
- f. Custodiar a documentación da Asociación, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais que se inscriben nos rexistros correspondentes e o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente corresponda.

**Artigo 25º.-** 1. A/O Tesoureira/o terá as seguintes atribucións:

- a. Dirixir a contabilidade da Asociación.
- b. Tomar razón dos ingresos e dos gastos.
- c. Recadar e custodiar os fondos pertencentes á Asociación.
- d. Realizar os pagamentos que procedan

2. A/O Tesoureira/o formalizará todos os anos o orzamento de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior, que deben ser presentados á Xunta Directiva, para que esta os someta á Asemblea Xeral.

**Artigo 26º.-** As/Os Vogais terán as seguintes atribucións:

- a. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- b. Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

**Artigo 27º.-** Sen prexuízo do establecido nos artigos anteriores, cada un dos membros da Xunta Directiva terá as obrigas propias do seu cargo, así como as que nazan das delegacións ou comisións que a propia Xunta Directiva lles encomende.

#### **CAPÍTULO IV DA ASEMBLEA XERAL**

**Artigo 28º.-** A Asemblea Xeral é o máximo órgano de goberno da Asociación e estará integrada por todas as persoas asociadas.

**Artigo 29º.-** A Asemblea Xeral, que poderá ser Ordinaria ou Extraordinaria, rexerese mediante procedemento que se desenvolverá no Regulamento de Réxime Interno da Asociación.



**Artigo 30º.-** A Asemblea Xeral reunirase, de xeito Ordinario, dentro dos catro primeiros meses naturais, para aprobar a Memoria de Actividade e a Económica do ano anterior, e o Orzamento e o Plan de Acción do ano en curso; e de xeito Extraordinario sempre que así o acorde a/o Presidenta/e, a Xunta Directiva ou o soliciten, por escrito, o vintecinco por cento das persoas asociadas da Asociación, en tal cal caso deberá convocarse no prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción da solicitude.

**Artigo 31º.-** 1. As Asembleas Xerais serán convocadas pola/o Presidenta/e. As convocatorias das Asembleas Xerais, sexan Ordinarias ou Extraordinarias, serán feitas por escrito, expresando o lugar, data e hora de reunión, así como a orde do día, acordada pola Xunta Directiva, na que, no seu caso, deberán incluírse todos os asuntos propostos polo dez por cento das persoas asociadas da Asociación que o solicitaran á Asemblea. A Asemblea Xeral, una vez constituída, poderá decidir mediante acordo maioritario, antes de iniciarse o exame do resto dos asuntos, a inclusión de novos puntos na orde do día.

2. As convocatorias comunicaranse ás persoas asociadas da Asociación mediante correo electrónico, segundo os prazos que establece a lexislación vixente.

**Artigo 32º.-** 1. As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias coma Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas a metade máis unha das persoas asociadas, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de concorrentes.

2. Cada persoa asociada poderá representar a outras persoas asociadas, acompañando certificación das mesmas para ser debidamente representadas.

**Artigo 33º.-** 1. Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple das/os asistentes ou representadas/os, excepto os relativos ás competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria, recollidas no apartado 2 do artigo 34º, que requirirán maioría de dous terzos.

2. Os acordos levaranse ao libro de actas e que será asinado pola/o presidenta/e e a/o secretaria/o da Asemblea.

3. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán ás persoas asociadas, incluso ás non asistentes.

**Artigo 34º.-** Funcións das Asembleas Xerais:

1. Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

a. Aprobar, no seu caso, a dirección e xestión da Xunta Directiva.

b. Examinar e aprobar as Contas Anuais, a Memoria de Actividades, o Orzamento Anual e o Plan de Acción da Asociación.

c. Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Asociación.

d. Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias.

e. Aprobar e modificar regulamentos que desenvolvan os preceptos recollidos nestes Estatutos e, en concreto, o que regula o réxime e procedemento disciplinario previsto no artigo 41º.

- f. Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.
- 2. Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:
  - a. Nomeamento e Cese dos membros da Xunta Directiva.
  - b. A modificación dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno.
  - c. A disolución da Asociación.
  - d. Resolver sobre a admisión, expulsión e suspensión temporal das persoas asociadas.
  - e. Constitución de Entidades ou integración nelas.
  - f. Todas aquelas que aínda sendo de competencia da Asemblea Xeral Ordinaria non permitan, por razón de urxente necesidade, agardar á celebración da mesma.
  - g. Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

**Artigo 35º.-** As Asembleas Xerais desenvolveranse na Sede Social da Asociación, sen menoscabo de poder realizarse noutros lugares.

## **CAPÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 36º.-** O patrimonio fundacional da Asociación era inexistente. O patrimonio será o determinado en cada momento polos inventarios e estados contables da Asociación.

**Artigo 37º.-** Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a. As cotas das persoas asociadas, periódicas ou extraordinarias.
- b. As subvencións, doazóns, legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte dos órganos públicos, de entidades privadas, de particulares ou de persoas asociadas.
- c. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
- d. Calquera outro recurso lícito.

**Artigo 38º.-** As cotas anuais serán aboadas polas persoas asociadas, segundo acorde a Xunta Directiva, e sempre por adiantado. As cotas non serán reintegrables en ningún caso.

**Artigo 39º.-** A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O orzamento anual estará en consonancia co nivel de funcionamento que se derive do Plan de Acción da Asociación. O exercicio asociativo e económico coincidirá co ano natural, polo que o seu peche terá lugar o 31 de Decembro de cada ano.

**Artigo 40º.-** A administración dos fondos da Asociación levarase a cabo con todo detalle, sometida á correspondente intervención e publicidade, a fin de

que as persoas asociadas poidan ter coñecemento periódico do destino dos fondos. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das persoas asociadas.

**Artigo 41º** Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura do presidente ou do tesoureiro de forma indistinta..-

## **CAPÍTULO VI DO REGULAMENTO DE REXIME INTERNO**

**Artigo 42º.-** O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes Estatutos, así como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva, o procedemento de admisión de persoas asociadas, o procedemento disciplinario e a organización de servizos ou asistencias técnicas que procedan, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

## **CAPÍTULO VII DA MODIFICACION DE ESTATUTOS E DISOLUCION DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 43º.-** Os Estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polos dous terzos das persoas asociadas. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

**Artigo 44º.-** A Asociación disolverase voluntariamente por acordo das persoas asociadas, adoptado polos dous terzos das/os asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto. Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará unha Comisión Liquidadora a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobranse líquido destinarao para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo canto non estea previsto nestes estatutos aplicaráselle a vixente Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Os presentes Estatutos da *ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA O ACOSO MORAL (AGACAM)* entrarán en vigor desde a súa inscrición no Rexistro de Asociacións.